

**PROXECTO DE ORDE pola que se regulan os elementos de material escolar e os límites aplicables para os efectos da aplicación da dedución fiscal no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas pola súa adquisición no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.**

I

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas cedidas en materia de tributos cedidos, ven establecendo deducións específicas a través da *Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia*, co obxectivo de apoiar ás familias e favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á educación obrigatoria.

Con esa finalidade, axudar ás familias galegas no gasto derivado da escolarización dos descendentes matriculados en centros docentes sostidos con fondos públicos, a [Lei 5/2025](#), do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas regula unha nova dedución fiscal no imposto sobre a renda das persoas físicas, mediante a adición dun novo apartado, o vinte e cinco, ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo: a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar, dedución que se aplica a todas aquelas familias galegas que non sexan beneficiarias da participación no fondo solidario de libros de texto e/ou da percepción de axudas públicas para a adquisición de libros de texto e material escolar e que teñan unha renda *per cápita* igual ou inferior a 30.000,00 euros.

A lei establece que, mediante orde, a persoa titular da consellaría competente na materia de facenda concretará as categorías ou os elementos de material escolar e os límites aplicables que poderán incluírse na dedución.

En uso da habilitación prevista e co fin de dotar de seguridade xurídica tanto aos contribuíntes como a propia administración tributaria resulta necesario delimitar con precisión que bens se consideran *material escolar* para os efectos da dedución fiscal e cales son os límites aplicables en cada categoría.

## II

Esta orde está composta de cinco artigos e dunha disposición derradeira única.

Esta norma responde aos principios de boa regulación previstos na normativa vixente. Así, a orde atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, de conformidade co disposto no artigo 103.1 da Constitución española, deben presidir a actuación administrativa e adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e aos principios de simplicidade e accesibilidade recollidos tamén no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Deste xeito, en aplicación dos principios de necesidade e eficacia, a norma persegue un interese xeral por canto desenvolve o establecido no apartado Vinte e cinco do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado. En cumprimento ademais dos principios de accesibilidade, de transparencia e de proporcionalidade, identifícanse claramente os obxectivos perseguidos coa norma e esta é o instrumento máis adecuado para conseguilos, contendo a regulación imprescindible para atender a necesidade referida. En aplicación do principio de eficiencia, a norma racionaliza a xestión dos recursos públicos e en virtude dos principios de simplicidade e de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, recollendo as modificacións necesarias, sendo a canle adecuada para facelo e, xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e certo, co obxectivo de que sexan fáciles o seu coñecemento e a súa comprensión.

O texto da orde foi sometido ao trámite de información pública no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, conta con todos os informes preceptivos, incluídos, o informe de sostibilidade económico-financeira emitido pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, o informe da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e o informe da Asesoría Xurídica.

Por todo isto, conforme ao exposto, de acordo co establecido no artigo 37.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude da habilitación establecida no artigo 5.Vinte e Cinco do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, de acordo co ditame/ oído o do Consello Consultivo de Galicia,

ACORDO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto concretar as categorías e elementos do concepto de *material escolar* e establecer os criterios e límites para a súa aplicación na dedución fiscal por adquisición de dito material no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 5. Vinte e Cinco do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

#### Artigo 2. *Definición de material escolar*

1. Enténdese por *material escolar* o conxunto de bens funxibles, instrumentos e recursos didácticos necesarios para o seguimento das ensinanzas nos niveis de educación primaria, secundaria obrigatoria e educación especial impartidos en centros docentes sostidos con fondos públicos.

2. Inclúense nese concepto:

- Cadernos de actividades.
- Cadernos, blocs, carpetas, arquivadores e papel de uso escolar.
- Instrumentos de escritura: bolígrafos, lapis, rotuladores, gomas, afía lapis, regras, compases, escuadras e cartabóns.
- Material de debuxo e manualidades: pinturas, pinceis, plastilina, tesoiras escolares, cola.
- Mochilas e estoxos.

- Libros de lectura establecidos polo centro educativo.
- Dicionarios.
- Calculadoras básicas esixidas polo currículo.
- Material escolar deportivo: roupa e calzado deportivo para a materia de educación física.

### Artigo 3. *Exclusións*

Non terán a consideración de *material escolar* para os efectos da dedución fiscal:

- Dispositivos electrónicos de uso xeral (ordenadores, tabletas, teléfonos móbiles).
- Uniformes.
- Servizos complementarios (comedor, transporte escolar, actividades extraescolares).
- Material de carácter recreativo non vinculado ao currículo.

### Artigo 4. Límite do gasto.

O límite máximo do gasto na categoría de material escolar deportivo non poderá superar os 150 euros. O límite máximo do gasto total en material escolar por período impositivo será de 300 euros.

### Artigo 5. *Xustificación documental*

1. A dedución fiscal aplicarase sobre o importe efectivamente satisfeito pola adquisición de material escolar debidamente acreditado mediante factura que deberá relacionar de forma clara os bens adquiridos.

2. A acreditación do gasto require ademais da factura a que fai referencia o número anterior os xustificantes do pago efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito, ou a través de plataformas de servizos de pagos electrónicos instantáneos autorizadas en España.

3. En ningún caso darán dereito a practicar a dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

*Disposición derradeira única. Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e producirá efectos desde 1 de xaneiro de 2025 aplicándose unicamente ás adquisicións de material escolar que teñan factura emitida a partir do 1 de xullo de 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública